AULA galiciaaberta

Lección 9

# Historia de Galicia

## ata o s. XVIII

BREVE HISTORIA DE
# GALICIA

**S. IX a. C.- I d. C.**
**Cultura Castrexa**

**S. I**
*Romanización de Galicia*
*Introdución e adaptación do latín*

**411**
**Reino Suevo**
*Hermerico I (primeiro rei de Galicia)*

**585**
*Os visigodos anexionan o Reino de Galicia*

**711**
*Chegada dos* **musulmáns** *á Península Ibérica*

**S. VIII**
*Expansión da resistencia cristiá*
**Latín como idioma** *escrito*
**Fálase outro idioma,** *evolución do latín*

**813**
*Achado dos restos do* **apóstolo**

**1228**
**Foro do Burgo de Castro Caldelas**
*Primeiro texto en galego*

**S. XIII-XV**
**Cantigas galego-portuguesas**
**Galego** *presente en todos os ámbitos da sociedade*

**1467-1469**
**Revolución Irmandiña**
*Levantamento popular contra os señores feudais*

**1483-1486**
***Doma* do Reino de Galicia**
*Centralización do poder político en Castela*
*Axustizamento de Pardo de Cela*

**S. XV-XVIII**
**Séculos Escuros**
*O galego queda relegado á oralidade nas clases populares*

## Os adverbios

### De tempo

**Indican anterioridade:**

- **Antonte:** Hoxe é mércores, así que María veu antonte, o luns.
- **Onte:** Onte é o día anterior a hoxe.
- **Cedo:** Dis que te levantas cedo porque é verdade.

**Indican simultaneidade:**

- **Hoxe:** Hoxe é martes.
- **Agora:** Saímos agora mesmo de cara á túa casa.
- **Xa:** Se queremos facelo todo temos que almorzar xa.
- **Mentres:** Vai facer os recados mentres remato de recoller a roupa.

**Indican posterioridade:**

- **Mañá:** Será mañá cando fagamos a compra.
- **Pasadomañá:** O cabodano será pasadomañá.
- **Despois:** Van vir despois tomar o café.
- **Axiña:** Veredes que axiña medran!

**Indican totalidade:**

- **Sempre:** Parece que sempre vos estades pelexando.
- **Nunca:** Nunca me pareceu unha boa idea.
- **Xamais:** Non crin que o volvese ver xamais.
- **A miúdo:** Luís xoga ao tenis a miúdo.
- **Ás veces:** Xoana ás veces vén sen avisar.

**De dúbida:**

- **Disque:** Disque se  ixo rico.
- **Seica:** Seica lle gusta moito o chocolate.
- **Parece que:** Parece que van vir de vacacións connosco.
- **Quizais:** Quizais hoxe chova.
- **Se cadra:** Se cadra vémonos para a semana.

**De afirmación:**

- **Si:** Si, irei contigo de vacacións.
- **Abofé:** Abofé que esa é unha moi boa solución.
- **Tamén:** Creo que tamén é moi boa idea.

## Ligazóns de interese

>> Historia de Galicia
>> Historia da cultura galega
>> Historias de Galicia

## Notas da sesión